

Factores que inflúen na rendibilidade das pequenas e medianas empresas do sector gastronómico

Factors influencing the profitability of small and medium-sized companies in the food sector

Estela Rodríguez Quezada^{1,a} , Araceli Hernández Jiménez^{2,b} , Marisol Cáceda Quispe^{3,c} , Fanny Elcira Barrantes Santos^{4,d} , Carolina Ivón Cartes Cabrera^{1,e} , Norma Alejandra Cofré Mella^{1,f} 

¹ Gestión Empresarial, Universidad Bío Bío, Andrés Bello 720, Chillán, 3780000, Chile

² Ciencias Empresariales, Universidad del Istmo, Carretera Chihuitan-Ixtepec S/N, Ixtepec, Oaxaca, 70110, México

³ Ciencias Económicas y Administrativas, Universidad ESAN, Alonso de Molina 1652 Santiago de Surco, 15023, Perú

⁴ Postgrado UPC, Universidad de Ciencias Aplicadas - UPC, Salaverry 2255, San Isidro, 15036, Perú

✉ aerodrig@ubiobio.cl

✉ baraceli@bianni.unistmo.edu.mx

✉ mcaceda@esan.edu.pe

✉ dpefabarra@upc.edu.pe

✉ ecarolina.cartes2202@alumnos.ubiobio.cl

✉ fnorma.cofre2201@alumnos.ubiobio.cl

Recibido: 24/05/2024; Aceptado: 20/09/2024

Resumo

Por mor da pandemia, unha das actividades económicas máis afectadas foi a gastronomía, debido ás restricións para mitigar os contaxios. A presente investigación ten como obxectivo determinar os factores que inflúen na rendibilidade das Pequenas e Medianas Empresas chilenas do sector gastronómico, desde a perspectiva continxente e de recursos e capacidades. Para iso, realizouse unha investigación cuantitativa cunha mostra de 59 empresas. Os resultados da análise de regresión loxística indican que, cando as empresas despiden tres ou menos traballadores, a probabilidade de que o seu rendemento aumente ou se manteña igual increméntase nun 422%. Doutra banda, por cada decisión adicional que toma a empresa, a probabilidade de que o seu rendemento se manteña igual ou aumente diminúe nun 51%. A tecnoloxía e o tamaño non foron relevantes para este tipo de empresas.

Palabras chave: Covid-19; Empresas do sector gastronómico; Rendibilidade; Despedimentos; Decisións.

Abstract

The food sector has been one of the most affected economic areas due to the restrictions that were put in place to mitigate the spread of Covid-19 during the pandemic. The purpose of this body of research was to determine the factors that affected the profitability of Chilean small and medium-sized companies in the food sector, from a contingency perspective and from the standpoint of resources and capability. To do this, quantitative research was conducted with a sample of 59 companies. The results of the logistic regression analysis indicated that when firms made three or fewer workers redundant, the probability that their performance would improve or remain the same rose by 422%. On the other hand, for each additional decision the firm made, this likelihood fell by 51%. Technology and size were not relevant for these types of companies.

Keywords: Covid-19; Food sector companies; Profitability; Redundancies; Decisions.

JEL: L20; M10.

1. INTRODUCCIÓN

A crise económica xerada pola Covid-19 é un fenómeno global, que afecta a todos os países do mundo, sendo América Latina e o Caribe a zona que sufriu o peor impacto de todas as rexións en desenvolvemento, provocando o peche dunha gran cantidade de pequenas e medianas empresas (pemes) (CEPAL, 2021). Do mesmo xeito, a pandemia golpeou de forma transversal a economía chilena, afectando negativamente a empresas de distintos tamaños, sectores e rexións tanto nos seus procesos produtivos de distribución e vendas, como na demanda destas, de maneira que unha das prioridades da política de defensa da competencia foi apoiar o sector produtivo para adaptarse ás novas condicións económicas xeradas pola crise sanitaria (CEPAL, 2021).

No caso das pemes pertencentes ao sector gastronómico, tiveron unha caída superior ao 40% (Ministerio de Economía, 2021), polo que a Asociación Gremial de Gastronomía y Entretención de Chillán (Gayen) e as autoridades rexionais se reuniron para analizar a crise do sector e buscar fórmulas para a súa reactivación (Cooperativa, 2021). A industria gastronómica conta coa Asociación Chilena de Gastronomía (ACHIGA), organización que ten como obxectivo principal agrupar os gremios da industria gastronómica de todas as rexións de Chile a fin de fomentar o seu crecemento e desenvolvemento. Ademais, representa os seus asociados ante autoridades públicas e privadas, e infórmaos de novas normas, regulacións e tendencias da industria gastronómica (Achiga, 2011).

En Chile clasifícanse as pemes segundo a Lei 20.416, que fixa normas especiais para as empresas de menor tamaño. A clasificación de empresas faise segundo o ingreso anual por vendas, servizos e outras actividades do xiro comercial. Entenderase por microempresa aquela con 1 a 9 traballadores, pequena empresa de 10 a 49, mediana empresa de 50 a 199 traballadores e grande empresa aquela que teña contratados 200 traballadores ou máis (Cardemil, 2022).

As empresas constantemente teñen o desafío de ser rendibles para asegurar a súa supervivencia no mercado meta onde desenvolven a súa actividade económica, nunha contorna que se caracteriza por ser volátil, dinámica, incerta e ambigua, por diversos factores de causa-efecto que interveñen na súa rendibilidade (Contreras & Díaz, 2015). Blázquez et al. (2006) argumentan que existen factores externos e internos que favorecen a rendibilidade dos negocios, os cales logran a supervivencia das organizacións e ademais potencialas tanto para o seu crecemento como para o reinvestimento.

De acordo coa teoría de recursos e capacidades, o desempeño dunha organización e o logro dos seus obxectivos resultan da eficiencia con que a empresa utiliza os seus activos, habilidades e atributos que posúa, permitindo soste unha vantaxe competitiva (Barney, 1991). Desde a perspectiva continxente, Burns e Stalker (1961) e Lawrence e Lorsch (1967) sinalaron que a estrutura dunha organización debe basearse nas condicións ás que se enfrenta na súa contorna, polo que, para sobrevivir, hai que adaptarse ás barreiras que esta impón. A contorna, por tanto, ten poder sobre a organización e pode influír na toma de decisións.

A presente investigación ten como obxectivo coñecer, desde a perspectiva da teoría de recursos e capacidades e da teoría da continxencia, os factores que influíron na rendibilidade das pemes do sector gastronómico de Chile, ao ser un dos sectores máis castigados debido á prohibición de abrir os seus negocios polos contaxios derivados da pandemia da Covid-19. O presente artigo está dividido en cinco seccións: 1. Introducción; 2. Revisión da literatura; 3. Metodoloxía; 4. Resultados e discusión; e 5. Conclusións.

2. REVISIÓN DA LITERATURA

2.1. Teoría da continxencia

A visión de continxencia comeza a tomar forma cando se trata de aplicar a teoría administrativa á realidade, cuestionando os resultados da previsibilidade das organizacións pola interrelación co medio ambiente. Crozier (1990) argumenta que a estratexia é o instrumento do actor para modificar o ambiente e incide na estrutura da organización. De acordo con Pinto et al. (2003), a idade, o tamaño e o sistema técnico son as variables de maior impacto dentro do deseño dunha organización. Ford e Slocum (1977) sinalan que o tamaño, a tecnoloxía e o ambiente son factores que impactan no deseño organizacional dunha empresa, mentres que Pugh (1973) conclúe que son o tamaño e a tecnoloxía. A continuación, desde a perspectiva da teoría da continxencia analizarase en que medida o ambiente, o tamaño e a tecnoloxía inflúen na rendibilidade das organizacións.

2.1.1. Ambiente

As organizacións están expostas a diferentes variables que poden determinar a súa permanencia no tempo e que afectan directamente á súa rendibilidade; é así como a Covid-19 impactou económica e financeiramente nas organizacións. A continxencia foi un fenómeno de carácter mundial que provocou un escenario incerto e que as levou a adaptar novas melloras e estratexias para a supervivencia das súas actividades económicas, ademais de modificar nalgúns casos a estrutura das organizacións. Lawrence e Lorsh (1967) sinalan que existe unha relación fundamental entre a incerteza, a diversidade e a natureza das restricións do medio.

Segundo Blázquez et al. (2006), as pemes teñen máis inconvenientes para elaborar estratexias que mitiguen as súas carencias estruturais e que lles permitan manterse na competencia. Salanova (2009) expón que hai empresas que contan con certas características que foron determinantes para adaptarse e vencer situacións adversas, logrando verse fortalecidas con recursos económicos para afrontar calquera situación cambiante na contorna. Cualificou estas empresas como “organizacións resilientes”.

Durante a pandemia, as empresas alemás do sector gastronómico experimentaron unha diminución media da facturación do 90%, facendo uso frecuente dos plans de axuda proporcionados polo Goberno. Máis da metade das empresas enfrontáronse a altos custos operativos e a unha alta carga fiscal. Os requisitos regulamentarios causaron problemas ao 20% das empresas. Só o 7% tivo dificultades para obter suficiente financiamento ou liquidez, e o 7% das empresas sufriron unha diminución nas vendas de 2018 a 2019. O 41% deste tipo de empresas ofreceron servizo de entrega e comida para levar, compensando a prohibición do consumo in situ durante o confinamento, polo que tiveron unha menor diminución nas vendas (Neise et al., 2021). Así mesmo, implementaron medidas para darlle apertura á innovación, á adaptación produtiva, a darlles apoio aos clientes e comunidades, para ser eficientes internamente e para protexer os seus traballadores (Păunescu & Mátyus, 2020).

Un factor importante para o crecemento e sustentabilidade das empresas é a accesibilidade a créditos privados. Moitas veces as pemes atópanse con barreiras para optar a eles. Os bancos privados adoitan outorgarlles créditos a empresas de maior tamaño, apoiándose no seu nivel de ingresos e activos. Isto permite mitigar os riscos destas institucións privadas. Non obstante, as empresas de menor tamaño vense prexudicadas pola falta de información sobre o seu crecemento e pola escasa transparencia dos seus balances contables, que fan difícil calcular o risco. Por isto, este tipo de organizacións teñen máis opcións se optan a financiamentos en

bancos públicos (Ferraro et al., 2011). Segundo Zuleta et al. (2011), os principais obstáculos para o outorgamento de créditos ás pemes son os requisitos que deben cumprir para seren beneficiarias do crédito, xunto coas taxas máis altas de xuros en comparación coas empresas de maior tamaño, que contan con mellores plans de financiamento.

As decisións que se toman en situacións de crise atópanse vinculadas ás atribucións dos Estados, as cales son reguladas pola Constitución política, que dita as normativas que determinan as estratexias axeitadas. No caso de Chile, establece o rol subsidiario do Estado, que se concreta na focalización do gasto social dirixido aos sectores desfavorecidos (Ramírez et al., 2021).

No contexto da pandemia, o Goberno de Chile implementou numerosas medidas para o apoio das pemes a través de diferentes programas como, por exemplo, “Dixitaliza a túa Peme”, no cal se daba asistencia técnica cun enfoque cara á dixitalización. Outro programa foi “A túa Empresa en 1 día”, que consistía en reducir a burocracia para a constitución de empresas. Para a cuestión do apoio financeiro, púxose en marcha o Plan de emerxencia, cuxo obxectivo foi manter os ingresos e a liquidez, o que permitiu pactar unha redución temporal da xornada de traballo para mitigar o impacto sobre o emprego. Finalmente, de cara a impulsar a reactivación, implementouse un plan de recuperación chamado “Paso a Paso Chile recupérase”, polo que se concedeu subsidio ao emprego (Heredia & Dini, 2021).

Felzensztein, Saridakis et al. (2022) argumentan que as pemes de Colombia, Perú e Chile necesitaron apoio governamental e programas de capacitación para acelerar a internacionalización das empresas, especialmente para aquelas dirixidas por empresarios sen experiencia previa no ámbito internacional.

Hai et al. (2023) investigaron as pemes de Vietnam para coñecer os factores que determinaron a súa supervivencia en tempos de crise, desde a perspectiva da teoría de continxencia e da teoría baseada en recursos, resultando ser o desempeño financeiro e o acceso ao crédito bancario os factores que impactaron positivamente na súa permanencia. Por outra banda, Shafi et al. (2020) atoparon que a maioría das MIPEMES de Paquistán se viron gravemente afectadas polos problemas financeiros, pola interrupción da cadea de subministración, a diminución da demanda ou pola redución das vendas e ganancias, entre outros factores, por mor da pandemia.

Gur et al. (2023) analizaron o efecto da pandemia nas condicións financeiras e no acceso ao financiamento das pemes de Istanbul, en función do seu tamaño. Os achados empíricos mostran que as micro e pequenas empresas presentan maiores dificultades para acceder ao crédito bancario que as medianas e grandes empresas, ademais de ter menos probabilidades de reestruturar a súa débeda, obter nova débeda bancaria e inxectar capital que as grandes empresas durante a pandemia da Covid-19 (Nunes et al., 2023).

2.1.2. Tamaño

Blázquez et al. (2006) establecen que a idade e o tamaño son factores que interveñen na sustentabilidade e no crecemento. Para Child (1972) o tamaño está estreitamente asociado cos elementos da estrutura da organización. Sánchez e Martín (2008) establecen que as empresas con maior idade e tamaño son máis solventes e teñen maiores reservas para o seu financiamento e reinvestimento. Pinto et al. (2003) expoñen que canto máis antiga sexa a organización máis formalizado estará o seu comportamento, pois as organizacións novas adoitan definir de forma imprecisa as súas tarefas. Huerta et al. (2010) establecen na súa investigación que en Chile un 88% das empresas son pemes, e expresan que existe unha relación positiva entre o tamaño e o resultado do negocio, o que lles permite afirmar que o

tamaño é unha variable relevante no estudo dos resultados das empresas e que debe ser considerada polos directivos para unha axeitada xestión empresarial.

[Ahinful et al. \(2023\)](#) investigaron os determinantes da rendibilidade das pemes de Ghana, atopando que existe unha relación significativa entre o rendemento e o tipo de propiedade da empresa, e tamén unha conexión positiva entre a antigüidade e o tamaño da empresa, sendo maioritariamente significativa no sector dos servizos. Ademais, atoparon relevantes os principios do enfoque de recursos e de estrutura-conduta-rendemento para explicar as variacións no rendemento das pemes no contexto dun país en desenvolvemento. [Broccardo et al. \(2023\)](#) identificaron que a idade das pemes inflúe na súa orientación cara á sustentabilidade, ademais das estratexias empresariais e do investimento en recursos humanos capacitados.

[Owen et al. \(2023\)](#), na investigación realizada ás pemes do Reino Unido, destacaron a importancia do tamaño da empresa, da idade, da capacidade de xestión e do asesoramento externo para mellorar o acceso ao financiamento; ademais, de que as restricións de política crediticia posterior á crise prexudicaron as empresas máis novas e pequenas. Na investigación de [Hernández e Cáceda \(2024\)](#), desde a perspectiva da teoría de continxencia, determinouse que o ambiente e o tamaño foron as variables máis significativas, fronte á tecnoloxía, para xerar a rendibilidade das pemes en Perú, argumentando que os resultados poden variar dependendo do sector ao que pertencen.

2.1.3. Tecnoloxía

O desenvolvemento de tecnoloxía e innovación vai tomando forza nas empresas, ao ser un factor importante para competir no mercado. As empresas deben esforzarse en realizar melloras tecnolóxicas continuas para garantir estar viventes nesta contorna cada vez máis exixente nunha globalización da economía. Ademais, deben centrarse en investir economicamente na implementación de innovacións que se axusten ao seu perfil e que contribúan ao crecemento da súa organización ([Hernández et al., 2017](#)). [Woodward \(1965\)](#) sinala que a estrutura da organización debe ser continxente coa súa tecnoloxía.

No contexto da pandemia da Covid-19, [Torres e López-Lira \(2021\)](#) sinalan que durante a continxencia algunhas pemes mantiveron ou aumentaron a súa rendibilidade, pola capacidade de adaptación e polo axeitado uso da tecnoloxía da información e comunicación. Por outra banda, [Acevedo et al. \(2023\)](#) desenvolveron unha investigación baseada nun programa de asesoramento a pequenas empresas apoiadas polo Estado, modelo replicado dos Estados Unidos. No estudo comprobaron que as empresas que foron integradas neste programa son máis resilientes á continxencia da Covid-19 grazas ao desenvolvemento do factor da innovación, xa que os custos da crise poden atenuarse coas vendas en liña, entregas a domicilio, Internet ou novos produtos. Ademais, dentro destas empresas, as familiares destacan sobre as non familiares.

A través da investigación realizada por [Ngo \(2022\)](#), desde a perspectiva da teoría da continxencia, atopouse que a cultura innovadora e a estratexia de diferenciación permiten o alto rendemento das pemes situadas en Vietnam. Por outra banda, [Zhang et al. \(2022\)](#) destacaron a importancia do rendemento económico como base e obxectivo último da supervivencia das pemes chinesas, sinalando que a innovación se relaciona positivamente co rendemento social e ambiental, mentres que o investimento en I+D pode mellorar o rendemento económico. Ademais, indicaron que a idade da empresa e o tipo de propiedade moderan a relación entre a innovación e o rendemento económico.

[Arancibia e Soto \(2022\)](#), no seu estudo da industria gastronómica, sinalánnos que as empresas familiares adoptaron mellores medidas para enfrontarse á crise pola Covid-19,

implementando melloras tecnolóxicas para a venda *online*. Todas as empresas deben adaptar novas formas de chegar aos clientes de maneira innovadora. Neste sentido, máis da metade das pemes vían como unha prioridade mellorar a eficiencia operativa a través da Internet, da automatización dos procesos e da robótica. Desde entón, esta tendencia non fixo máis que acelerarse, incluso antes dos drásticos cambios producidos pola pandemia da Covid-19 (OIT, 2021).

2.2. Teoría de recursos e capacidades

Ahiful et al. (2023) sinalan que a teoría de recursos e capacidades e a estrutura-conduta-rendemento reveláronse como marcos teóricos relevantes para explicar as diferenzas no rendemento financeiro das pemes, o que suxire a importancia de considerar tanto os factores internos da empresa como a contorna ao analizar o seu desempeño e tomar decisións de xerencia futuras. Por recursos da empresa debe entenderse todos os activos, capacidades, procesos, coñecementos etc. que explican o seu crecemento e as vantaxes competitivas sostibles (Barney, 1991). Por outra banda, Huybrechts et al. (2024) argumentan que as teorías da dependencia de recursos, de redes e de continxencia axudan a explicar como as variables do contexto externo lles dan forma aos procesos de implementación.

Un factor relevante para afrontar un panorama competitivo é a aplicación do coñecemento e a información, xerando condicionantes claves para a rendibilidade e a sustentabilidade das pemes (Torres & López-Lira, 2021). Mediante a análise de recursos e capacidades identifícanse as fortalezas e debilidades dunha organización e, con base nelas, pódense explotar as oportunidades e neutralizar as ameazas, constituíndose nunha fonte de vantaxe competitiva (Almanza et al., 2019). Por outra banda, Sansores e Navarrete (2018) expoñen que os factores económicos, as características do empresario (idade e experiencia) e os incentivos gobernamentais son determinantes no crecemento das empresas. O desempeño dunha organización e o logro dos seus obxectivos resultan da estratexia e da estrutura que elixen os que toman decisións na organización. De acordo con Blázquez et al. (2006), as organizacións deben establecer estratexias e tomar decisións que logren controlar factores externos relativos á contorna sectorial, como competidores, clientes, provedores, demanda ou melloras tecnolóxicas.

A estrutura financeira orixínase na combinación de recursos, xa sexan internos ou externos. Todas as entidades toman decisións sobre a súa postura financeira, sendo o seu obxectivo principal a rendibilidade (Contreras & Díaz 2015). Como sinala Estrada et al. (2009), as pemes teñen un rol protagonista na economía mundial, xeran empregos e achegan riqueza ao seu país. Por iso, para sosterse no mercado deben desenvolver estratexias competitivas, baseadas en factores internos e externos, para así sobrevivir e competir nun mercado cada vez máis exixente. Existe evidencia empírica respecto da relación entre a planificación estratéxica e o éxito competitivo daquelas pemes que planean estratexicamente, innovan nos seus procesos, produtos e xestión, e teñen un nivel tecnolóxico superior en relación cos demais competidores do seu sector.

García et al. (2021) expóñennos que algunhas empresas se viron obrigadas a pechar as súas portas debido á pandemia da Covid-19. Así e todo, un gran número destas foron resilientes e sobreviviron grazas á súa propia liquidez e á organización de recursos e capacidades, logrando afrontar a crise e evitar a súa extinción. As empresas que resistiron foron as que mellor responderon ante as continxencias da contorna.

Alonso et al. (2020) atoparon que as pemes competitivas e eficientes de Costa Rica presentan unha distribución homoxénea de recursos e capacidades. Atópase unha correlación

positiva entre a innovación e a eficiencia competitiva e entre a antigüidade do negocio e a innovación, así como entre a innovación e o tamaño do negocio en termos de número de empregados. Gupta e Kumar (2023) sinalan que a crise de liquidez e as habilidades técnicas inadecuadas dos empregados son as barreiras máis importantes para a resiliencia das MIPEMES durante a Covid-19.

Dwikat et al. (2023) estudaron como mellorar o desempeño sostible das pemes en Palestina, a través da evidencia empírica cunha mostra de 380 empresas, e atoparon o importante que é o capital humano competente, a flexibilidade estratéxica e a comprensión da contorna turbulenta como ferramentas esenciais en mercados competitivos e axitados. Na investigación de Cardoni et al. (2020), usando un enfoque cuantitativo nunha mostra de 219 pemes de Italia, destacaron a xestión do coñecemento, as actividades de innovación exploratoria e os sistemas de medición do desempeño, como puntos claves para mellorar a toma de decisións, a sustentabilidade e a rendibilidade das empresas.

Os achados da investigación de Sajjad et al. (2022) evidenciaron que a orientación á aprendizaxe afectou significativamente no rendemento das pemes en Paquistán, polo que suxiren adoptar estratexias baseadas en recursos, como capacidades e coñecementos, para que as empresas compitan eficazmente en contornas cambiantes e logren mellorar a súa competitividade e supervivencia. Felzensztein, Crick et al. (2020) atoparon que os directivos das pequenas empresas orientadas ao servizo de Chile, Colombia e Nova Zelandia que posuían capacidades dinámicas facilitaban a súa evolución dos seus modelos de negocio e melloraban o seu rendemento. Na investigación de Luque et al. (2019), constatouse que as pemes do sector agroalimentario teñen máis probabilidades de sobrevivir se están dirixidas por mulleres.

Roffia et al. (2022) atoparon evidencia empírica que apoia unha correlación significativa entre a competencia e habilidades axeitadas dos directivos e o rendemento financeiro das pemes italianas. Os achados da investigación realizada por Rafiki (2020) a pemes de Arabia Saudita evidenciaron que o tamaño da empresa, a experiencia do xerente, a capacitación, o financiamento e as relacións de rede teñen unha relación significativa co crecemento da empresa. Con todo, outros factores como a educación e a idade da empresa non mostraron tal relación significativa, polo que suxire que os directivos necesitan recibir capacitacións relacionadas co negocio.

Estudar os factores que inflúen na rendibilidade das pemes do sector gastronómico durante a pandemia da Covid-19 permitirá comprender os impactos positivos e negativos que afrontan este tipo de empresas durante unha crise.

A partir da literatura científica realizada, a hipótese desta investigación é a seguinte: os factores relacionados co ambiente, tamaño, tecnoloxía, idade, coñecementos e recursos humanos son os que influíron significativamente na rendibilidade das pemes durante a pandemia da Covid-19.

3. METODOLOXÍA

3.1. Selección da mostra

A poboación obxecto de estudo foron os propietarios e propietarias das Pequenas e Medianas Empresas (pemes) do sector gastronómico da cidade de Chillán, Chile.

A base de datos das empresas foi obtida directamente do municipio da cidade de Chillán, a cal contiña un total de 714 empresas rexistradas. Os criterios de inclusión na poboación foron:

- Que declarasen como actividade económica o título gastronómico, xiro de restaurante.

- Que estivesen situadas no raio urbano da cidade de Chillán.
- Que se mantivesen activas durante o período da pandemia (anos 2020 e 2021).
- Que tivesen vendas anuais entre 2.400 UF e 100.000 UF (70.000 USD a 2.900.000 USD).

Con base nos criterios anteriormente sinalados, quedaron un total de 131 empresas, as cales constituíron a poboación deste estudo. Para determinar o tamaño da mostra considerouse un nivel de confianza do 90% e unha marxe de erro do 8%, quedando un total de 59 empresas. Con todo, a enquisa foi enviada por correo electrónico á poboación total, e aplicada presencialmente a aqueles cos que non foi posible contactar por e-mail, ata obter a cantidade de respostas necesarias para alcanzar o tamaño da mostra, polo que se trata dunha mostra por conveniencia.

O instrumento utilizado para a recolección da información foi unha enquisa, validada por profesores da Universidade do Bío-Bío de Chile e da Universidade ESAN de Perú, constituída por 15 preguntas, pechadas e de opción múltiple.

3.2. O modelo

Para estudar como lle afectan as variables independentes á probabilidade de que o rendemento diminúa, definiuse o seguinte modelo por Hair et al. (1999).

$$\log\left(\frac{P}{1-P}\right) = \beta_0 + \sum_{j=1}^k \beta_j x_{ij} + u_i \quad (1)$$

Onde P é a probabilidade de que o rendemento permaneza igual e aumente, “ x_{ij} ” son as variables independentes, u os residuos e β_j os coeficientes estimados do efecto marxinal de cada x en $\log\left(\frac{P}{1-P}\right)$. No [Anexo 1](#) preséntanse as variables utilizadas para o modelo. Se se substitúen as variables independentes, a ecuación queda expresada da seguinte forma:

$$\begin{aligned} \log\left(\frac{P}{1-P}\right) = & \beta_0 + \beta_1 \text{Despedimentos} + \beta_2 \text{Impacvendas} + \beta_3 \text{Impacustos} \\ & + \beta_4 \text{Problexral} + \beta_5 \text{Problefinan} + \beta_6 \text{Decisións} + \beta_7 \text{Tamaño} \\ & + \beta_8 \text{Antigüidade} + \beta_9 \text{Cambiostec} + \beta_{10} \text{MediTecno} + \beta_{11} \text{Idade} + \beta_{12} \text{Niveduc} \\ & + \beta_{13} \text{Títuloprof} + \beta_{14} \text{Rechuman} + u_i \end{aligned} \quad (2)$$

Os factores aliñados á teoría da continxencia son o ambiente, o tamaño e a tecnoloxía. Para o factor ambiente ocupáronse as seguintes variables: despedimentos, vendas (impacvendas), custos (impacustos), problemas xerais (problexral), problemas financeiros (problefinan) e as decisións que implementaron as pemes. En relación ao factor tamaño as variables foron: tamaño e antigüidade. Con respecto ao tamaño cabe sinalar que en Chile son consideradas pemes as empresas que teñen vendas anuais entre as 2.400 e as 100.000 UF (Unidade de Fomento, un valor monetario creado en Chile; como referencia 1 UF equivale a 29,17 dólares americanos, valor ao día 07-09-2024). No concernente á tecnoloxía foron: cambios tecnolóxicos (Cambiostec) e medidas que se utilizaron (MediTecno). Con respecto á teoría de recursos e capacidades, engadíronse as variables de educación, como o nivel educativo (niveduc) e título profesional (Títuloprof), idade do propietario da empresa (Idade) e Recursos humanos (Rechuman).

4. RESULTADOS

Descríbense a continuación as características de cada unha das variables analizadas na investigación. A variable dependente é o rendemento, conformado por dous grupos: no grupo 1 atópanse as empresas que diminuíron o seu rendemento e no grupo 2, as empresas que o mantiveron ou aumentaron. Doutra banda, as variables independentes dividíronse en seis categorías: ambiente, tamaño, tecnoloxía, idade, coñecementos e recursos humanos. No factor ambiente atópase: despedimentos, ingresos, custos, problemas, problemas financeiros e decisións. No factor tamaño: tamaño e antigüidade. Factor tecnoloxía: cambios tecnolóxicos e medidas tecnolóxicas. No factor idade: idade. No factor coñecementos: nivel educacional e título profesional.

4.1. Factor Ambiente

4.1.1. Despedimentos

Na [Táboa 1](#) resáltase unha maior presenza de empresas dos grupos 1 e 2 que optaron por despedir entre 1 e 3 traballadores, con maior proporción de empregados despedidos no grupo 2 (50%) en comparación co grupo 1 (39,53%).

Táboa 1. Despedimentos

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
0	4	9,30	5	31,25
De 1 a 3	17	39,53	8	50,00
De 4 a 6	10	23,26	1	6,25
De 7 a 9	6	13,95	1	6,25
Mais de 10	6	13,95	1	6,25

4.1.2. Ingresos (ventas)

Na [Táboa 2](#) nótase que no grupo 1 se rexistrou unha proporción máis alta de empresas que experimentaron nos seus ingresos unha diminución maior do 20% (93,02%), en contraste co grupo 2, onde a proporción máis alta estivo nas empresas que tiveron unha diminución dos seus ingresos maior do 20% (31,25%) e menor ou igual do 10% (31,25%).

Táboa 2. Ingresos

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Diminuíu máis do 20%	40	93,02	5	31,25

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Diminuíu entre 10% e 20%	1	2,33	3	18,75
Diminuíu ≤ 10%	2	4,65	5	31,25
Permanecen iguais	0	0,00	0	0,00
Aumentou, pero non máis do ≤ 10%	0	0,00	1	6,25
Aumentou entre 10% e 20%	0	0,00	1	6,25
Aumentou máis do 20%	0	0,00	1	6,25

4.1.3. Custos

Na [Táboa 3](#) obsérvase que tanto no grupo 1 como no grupo 2 ningunha empresa reduciu os seus custos; pola contra, no 100% das empresas de ambos os grupos os custos aumentaron ou mantivéronse estables. No grupo 1, a maioría das empresas experimentaron un aumento nos seus custos menor ou igual do 10% (37,21%); mentres que no grupo 2, a maior proporción de empresas (50%) aumentaron os seus custos entre 10% e 20%.

A relación entre as variables despedimentos e custos está relacionada coa resposta das empresas do sector gastronómico ao considerar unha postura activa fronte a unha contorna de crise; por iso tivéronse que asumir custos fixos asociados ás indemnizacións do persoal, á necesidade de investir en tecnoloxía para substituír a man de obra despedida, implementar as vendas online ou asumir un aumento nos custos operativos debido á reestruturación interna, como o novo proceso de adquisición de custos variables tales como insumos ou materias primas, ademais do custo financeiro implícito no nivel de endebedamento ([Táboa 5](#)). Isto suxire que os despedimentos non sempre implican unha redución inmediata ou significativa do custo operativo, baixo un acontecemento incerto como durante a pandemia, que conseguise transformar o negocio e asegurar a súa sustentabilidade.

Táboa 3. Custos

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Diminuíu máis do 20%	0	0,00	0	0,00
Diminuíu entre 10% e 20%	0	0,00	0	0,00
Diminuíu ≤ 10%	0	0,00	0	0,00
Permanecen iguais	3	6,98	1	6,25
Aumentou, pero non máis do ≤ 10%	16	37,21	6	37,50
Aumentou entre 10% e 20%	11	25,58	8	50,00
Aumentou máis do 20%	13	30,23	1	6,25

4.1.4. Problemas

Na **Táboa 4** nótase que todas as empresas tanto do grupo 1 como do grupo 2 afrontaron desafíos durante a pandemia. No grupo 1, as empresas experimentaron 6 problemas, mentres que no grupo 2 tiveron 5 problemas. O principal problema que afrontaron estas empresas en ambos os grupos estivo vinculado á redución de ingresos debido á diminución de clientes, sendo maior no grupo 1 (90,70%) en comparación co grupo 2 (81,25%).

Táboa 4. Problemas

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Ningún	0	0	0	0
Diminución de insumos ou materias primas (provedores)	21	48,84	6	37,5
Diminución dos ingresos (clientes)	39	90,70	13	81,25
Diminución da demanda e cancelación de pedidos	6	13,95	1	6,25
Menor dispoñibilidade de fluxo de efectivo	16	37,21	3	18,75
Incremento de atrasos no pago de débedas á empresa por parte de clientes	1	2,33	1	6,25
Menor acceso a servizos financeiros	5	11,63	0	0
Outros	0	0	0	0

4.1.5. Problemas financeiros

Na **Táboa 5** obsérvase que a maioría das empresas tanto do grupo 1 como do grupo 2 tiveron 5 dificultades financeiras durante a pandemia. Principalmente, ambos os grupos afrontaron problemas por alto nivel de endebedamento, en maior medida para o grupo 2 (43,75%) en comparación co grupo 1 (39,53%).

Táboa 5. Problemas financeiros

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Ningún	6	13,95	5	31,25
Taxas de xuros elevadas	7	16,28	1	6,25
Non contar con garantías	15	34,88	4	25
Alto nivel de endebedamento	17	39,53	7	43,75
Alto risco por non cumprir cos pagos da débeda	15	34,88	4	25
Menos disposición dos provedores a outorgar crédito	2	4,65	1	6,25

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Non ter un bo historial	0	0	0	0
Outros	0	0	0	0

4.1.6. Decisións

Na **Táboa 6** nótase que tanto as empresas do grupo 1 como do grupo 2 tomaron un total de polo menos 8 decisións. En ambos os grupos, a decisión máis comunmente tomada pola maioría das empresas foi solicitarlle axuda económica ao Goberno, con maior predominio no grupo 2 (87,50%) en comparación co grupo 1 (81,40%).

Táboa 6. Decisións

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Ningún	1	2,33	1	6,25
Participar en actividades de apoio ao emprendemento	17	39,53	3	18,75
Solicitarlle axuda económica ao Goberno	35	81,40	14	87,5
Solicitarlles axuda a cámaras e organizacións empresariais	4	9,30	1	6,25
Redución da cantidade total das remuneracións e/ou prestacións do persoal	2	4,65	1	6,25
Solicitar créditos ou financiamento de emerxencia	19	44,19	3	18,75
Postergar pago de impostos	16	37,21	1	6,25
Solicitar créditos privados	6	13,95	2	12,5
Outros	1	2,33	1	6,25

4.2. Factor Tamaño

4.2.1. Tamaño

Na **Táboa 7** nótase que tanto no grupo 2 como no grupo 1 as empresas predominantemente foron pequenas, sendo o grupo 1 o que mostrou unha proporción máis alta destas empresas (86,05%), en comparación co grupo 2 (81,25%).

Táboa 7. Tamaño

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Pequena: 2.400 UF ata 25.000 UF	37	86,05	13	81,25
Mediana: 25.000 UF ata 100.000 UF	6	13,95	3	18,75
Total	43	100	16	100

4.2.2. Antigüidade

Na **Táboa 8** obsérvase que tanto no grupo 2 como no grupo 1 a maioría das empresas tiveron menos de 10 anos desde o seu inicio de operacións, destacando o grupo 1 por ter unha proporción máis elevada de empresas con ese perfil (65,12%), en comparación co grupo 2 (62,50%).

Táboa 8. Antigüidade

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Menos de 10 anos	28	65,12	10	62,50
Entre 10 a 20 anos	8	18,60	4	25,00
Mais de 20 anos	7	16,28	2	12,50
Total	43	100	16	100

4.3. Factor Tecnoloxía

4.3.1. Cambios tecnolóxicos

Na **Táboa 9** evidénciase que no grupo 1 e no grupo 2 as empresas tomaron polo menos 6 medidas para facerlle fronte á competencia durante a pandemia. En ambos os grupos, a medida máis comunmente adoptada foi a venda por Internet, con maior predominio no grupo 1 (76,74%) respecto do grupo 2 (68,75%).

Táboa 9. Cambios tecnolóxicos

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
Lanzamento de novos produtos	3	6,98	1	6,25
Cambios nos procesos de produción	3	6,98	1	6,25

	Grupo 1		Grupo 2	
	Rendemento diminuíu		Rendemento aumentou	
	N	%	N	%
